

A Cámara convoca unha misión comercial a Australia

Ferrol. 13/07/2010. A Cámara de Comercio de Ferrol convocou ás empresas do sector naval e da súa industria auxiliar para participar nunha misión comercial a Australia que está previsto que se desenvolva do 18 ao 26 de setembro.

O destino desta expedición comercial será Adelaide, capital do estado de Australia do Sur, aínda que en función das solicitudes de cada empresa e das axendas de traballo que se establezan, poderíanse contemplar desprazamentos a outras cidades do país.

Para a organización desta misión contarase coa colaboración da Cámara Española de Comercio no citado estado e da Oficina Comercial de España en Sydney.

Esta acción de promoción comercial, a diferenza das que se inclúen no Plan de Fomento das Exportacións Galegas (FOEXGA), está limitada exclusivamente a empresas da demarcación da cámara ferrolá, que sexan pemes exportadoras ou potencialmente exportadoras.

Os gastos derivados da participación na misión (viaxe, aloxamento e organización de axenda de contactos) están cofinanciados nun 56 % pola Unión Europea, a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, e nun 24% pola propia Cámara, polo que as empresas unicamente terán que sufragar o 20% restante.

A convocatoria foi cursada o pasado xoves e desde entón varias empresas puxéronse en contacto co departamento de promoción internacional da Cámara para manifestar o seu interese por desprazarse a Australia en busca de potenciais oportunidades de negocio.

